

Modificación de 21 de maio de 2019, da Instrución conxunta 5/2019, do 1 de marzo, da Xerencia e da Secretaría Xeral para o desenvolvemento de medidas de tratamento de datos de carácter persoal na Universidade de Vigo

Modifícase no apartado VIII da páxina 6 relativo á CONTRATOS PARA ENCARGADO DO TRATAMENTO o seguinte parágrafo:

Onde di:

“O servizo de contratación é o responsable de atender este requisito que o remitirá, durante a tramitación previa do expediente, á Xerencia quen decidirá sobre a súa adecuación á normativa sobre protección de datos, previa supervisión do Delegado/a de Protección de Datos.”

Debe dicir:

“As persoas promotoras de expedientes de contratación responsabilízanse de indicar, nas propostas de contratación (PC) que formulen, se como consecuencia da realización das prestacións que comprende o obxecto do contrato que se licita se van a realizar ou non polo adjudicatario actividades de tratamento de datos de carácter persoal das cales a Universidade actúa como Responsable do Tratamento.

No suposto de que se realicen estas actividades, deberán indicar na PC que actividades de tratamento comprenden, cal é a tipoloxía de datos afectados e cal é a categoría de persoas interesadas (de entre as enumeradas nos apartados 1 e 2 do ANEXO IV – CONTRATO DE ENCARGADOS DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS). Igualmente sinalarán se existe informe favorable ou non do Delegado de Protección de Datos sobre o indicado na PC en materia de protección de datos persoais.

Durante a tramitación previa do expediente, remitirase a información sobre protección de datos persoais contida na PC a que se refire no parágrafo anterior, á Xerencia, quen decidirá sobre a súa adecuación á normativa sobre protección de datos, previa supervisión do Delegado de Protección de Datos. Exclúense deste trámite aquelas PC que se refiran a actividades, tipoloxía de datos e categoría de persoas interesadas que xa dispuxeran dun informe favorable do Delegado de Protección de Datos, sempre que non exista modificación na información antedita.

Corresponde ao Responsable do Contrato designado no prego de cláusulas verificar o cumprimento do indicado no Contrato de Encargado de Tratamento de datos persoais segundo o recollido nesta instrución e na PC formulada, así como tramitar a súa adaptación ou modificación en función das circunstancias que se produzan na fase de execución do contrato.”

Vigo, 21 de maio de 2019

A Xerenta
Raquel María Souto García

O Secretario Xeral
Miguel Ángel Michinel Álvarez